

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 11 de febreiro de 2008

ASISTENTES:

Membros :

D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D^a Carmen Silva Rego

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e cinco minutos do día once de febreiro de dous mil oito e baixo a presidencia do primeiro tenente de Alcalde, Sr. Domínguez Olveira, por ausencia do Excmo. Sr. Alcalde, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(142).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta das sesións do 29 de outubro, 5, 12 e 19 de novembro de 2007. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(143).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NA PROPOSTA DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA ACOMETER A SITUACIÓN EXCEPCIONAL DAS OFICINAS DE INCLUSIÓN E MIGRACIÓN MUNICIPAIS. EXPTE. 27779/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Acción Social, conformado pola concelleira de Benestar Social, que di o seguinte:

En data 2 de xaneiro mediante dilixencia asinada polo Xefe de Área de Acción Social co conforme da Concelleira de Benestar Social, foi solicitado que se iniciaran os trámites para a contratación de Nuria María Nuñez Aboy, polo período dun ano, ata o 31 de decembro de 2008. Xa en dita dilixencia, motivada por razóns de urxencia e cara manter o funcionamento da citada oficina de inclusión, referíase á mesma como auxiliar administrativo.

Con posterioridade, foi presentado á Xunta de Goberno Local, proposta para que con cargo á partida de gastos 1310001 “Gastos de persoal e seguridade social” de Benestar Social, existindo dotación orzamentaria suficiente, se contratara a Nuria María Nuñez Aboy, con NIF 36084011-R, como auxiliar administrativo, polo período dun ano (ata o 31 de decembro de 2008), especificando que viña desenvolvendo o seu traballo no equipo de inclusión dende o 12 de marzo de 2007.

Así, en Xunta de Goberno Local de data 7 de xaneiro de 2008, foi acordada dita contratación.

Por parte do Departamento de Persoal, foi comunicado que o contrato da citada persoa fora en calidade de Administrativo, polo que existiría unha contradicción entre a proposta e o contrato que a aquela se lle fixera no ano 2007.

En consecuencia, parece procedente efectuar a súa corrección.

De conformidade co disposto no artigo 105.2 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, ben de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

“Rectificar, ó abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, o acordo adoptado por esta Xunta de Goberno Local en data 07/01/2008, polo cal se acordou aprobar a contratación de Nuria María Nuñez Aboy. Así, onde dí :

“Segundo : Por outra banda e como aparece recollido na dilixencia remitida á oficina de persoal en data 2 de xaneiro asinada polo Xefe de Área de Acción Social e a Concelleira de Benestar Social, por mor das condicións expostas, proponse a contratación dentro do equipo de Inclusión Sociolaboral, no Marco do Segundo Plan Galego de Inclusión Sociolaboral, para este ano 2008, con cargo á partida de gastos 1310001 “Gastos de Persoal e Seguridade Social” existindo dotación orzamentaria suficiente, a contratación de Nuria María Nuñez Aboy, con NIF : 36084011-R , auxiliar administrativo, polo período dun ano (ata o 31 de decembro de 2008), dado que ven desenvolvendo o seu traballo neste equipo dende o 12 de marzo de 2007, e que posúe os coñecementos necesarios para elo.”

Debe dicir :

“ Segundo : Contratar a Nuria María Nuñez Aboy, con NIF 36084011-R, coa categoría profesional de administrativo, ata o 31 de decembro de 2008, e con efectos do 01/01/2008, baixo a modalidade de obra ou servizo, e para desenvolver a súa actividade dentro do equipo de Inclusión Sociolaboral, no Marco do Segundo Plan Galego de Inclusión Sociolaboral, para este ano 2008, con cargo á partida de gastos 1310001 “Gastos de Persoal e Seguridade Social”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(144).- NOMEAMENTO DOS REPRESENTANTES DOS CONSELLOS ESCOLARES DE CENTROS. EXPTE. 9100/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico do IMD, do 21.12.07, conformado polo xefe do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Nomear representantes municipais nos consellos escolares de centro das escolas e colexios públicos de Vigo, as persoas que de seguido se relacionan, con vixencia dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2008.

ZONA 1.

BEATRIZ ALONSO ASENJO (NIF 35.991.455-C) Pertence ao Grupo B

1. CEIP Carrasqueira Coruxo.
2. CEIP Carrasqueira Tintureira.
3. CEP Doutor Fleming.
4. CEIP Balaídos.
5. CEIP Beade Coutada.
6. CEIP Teis Paraixal.
7. CEIP Picacho – Ramón y Cajal
8. Educación Permanente de Adultos/as (EPA).
9. CEIP Lope de Vega.

ZONA 2.

PEDRO Mª VÁZQUEZ IGLESIAS (NIF 11.904.805-M) Pertence ao Grupo B

- CEIP Emilia Pardo Bazán.
- CPI Celso Emilio Ferreiro.
- EEI Cristo da Victoria.
- CEIP Eijo Garai.
- CEIP Escultor Acuña.
- CEIP Seis do Nadal.
- CEIP Pintor Laxeiro.
- CEIP Sárdoma Moledo

ZONA 3.

MARÍA LUISA OTERO VÁZQUEZ (NIF 36.000.484-X)Pertence ao Grupo C

- CEIP Josefa Alonso.
- CEIP Otero Pedraio.
- CEIP Ría de Vigo.
- CEIP Igrexa-Valadares.
- CEIP Sobreira-Valadares.
- EEI Monte do Alba.
- EEI Zamáns.
- CEIP García Barbón.

ZONA 4.

ROSA MARÍA TORRES BOUZAS (NIF 36.019.300-N) Pertence ao Grupo C

- Escola Infantil Municipal Sta. Cristina.
- Escola Infantil Municipal Atalaia.
- Escola Infantil Municipal Sta. Marta.
- Escola Infantil Municipal Costeira.
- EEI Palencia.

- EEI Sta. Tegra.
- EEI Villalaura.
- CEIP Altamar.
- CEIP Canicouba.
- CEIP Mestres Goldar.

ZONA 5.

CARMEN SASTRE VÁZQUEZ (NIF 36.049.832-T) Pertence ao Grupo C

- CEIP Candeán Igrexa.
- CEIP Candeán Fonteescura.
- CEIP Cabral Sello.
- CEIP Cabral Carballal.
- CEIP Sta. Mariña Becerreira.
- CEE Saladino Cortizo.
- CEIP Valle Inclán.

ZONA 6.

ALFONSO SILVA LORENZO (NIF 36.002.568-R) Pertence ao Grupo D

- CEIP Alcabre- Javier Sensat.
- CEIP Bouzas Virxe do Rocío.
- CEIP Navia A. R. Castelao.
- CEIP Comesaña-Párroco Don Camilo.
- CEIP Mosteiro-Bembrive.
- CEIP Chans-Bembrive.
- CEIP Doblada.

ZONA 7.

ROCÍO BRUZON ALCANIZ (NIF 36.058.643-W) Pertence ao Grupo D

- EEI Nogal.
- EEI Hernán Cortés.
- EEI Aragón.
- CEIP Frián-Teis.
- CEIP Teis-Igrexa San Salvador.
- CEIP Teis-Espiñeiro Sta. Tegra.
- CEIP Teis-Coutadas Vicente Risco.
- CEIP Lavadores San Paio- Eduardo Pondal.
- CEIP Pombal.

Segundo:- Aprobar a aplicación para este concepto da dieta de 39,78.-€, establecida na actualidade para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos A e B; e da dieta de 36,72.-€, establecida na actualidade para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos C e D, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servicio.

A previsión do gasto anual polo concepto “Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros Públicos de Vigo” é de 12.000.-€, con cargo á partida 422.0.233.00.00 do presuposto futuro de 2008.

Terceiro.- Establecer a perda da condición de representante municipal para que non xustifique, antes da súa realización, a súa ausencia á reunión do consello escolar de centro ou á de coordinación do Servizo de Educación que, a fin de estudar a situación xeral, se convocarán, cando menos,

trimestralmente.

4(145).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE GASTO MENOR NO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE DURANTE O MES DE XANEIRO DE 2008. EXPTE. 5519/306.

Mediante providencia de data 4.02.08, en cumprimento do establecido na base 31.^a das normas xerais de execución do orzamento de gastos do Concello de Vigo, a concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados no Servizo de Medio Ambiente durante o mes de xaneiro de 2008, que son os seguintes:

CONTRATOS MENORES - Xaneiro 2008

Expte.	Partida	CM	Asunto	Adxudicatario	Data Decreto	Data RC	Importe
5493/306	4450.220.00.00	SUM	Adquisición de material de oficina	Varios	14/01/2008	22/01/2008	500,00 €
5487/306	4450.220.01.00	SUM	Adquisición de libros e suscripción de publicacións actualizables	Varios	08/01/2008	16/01/2008	800,00 €
5494/306	4450.220.02.00	SUM	Adquisición de material informático	Varios	14/01/2008	22/01/2008	500,00 €
5488/306	4450.226.01.00	SER	Atencións protocolarias	Varios	08/01/2008	16/01/2008	600,00 €
5490/306	4450.227.00.00	SER	Xestión de neumáticos atopados en montes e vías públicas	Varios	08/01/2008	16/01/2008	500,00 €
5489/306	4450.227.00.00	SER	Xestión de residuos de animais mortos	Varios	08/01/2008	16/01/2008	7.000,00 €
5491/306	4450.227.00.00	SER	Xestión de vertidos de entullos atopados en montes e vías públicas	Varios	08/01/2008	16/01/2008	3.000,00 €
5492/306	4450.227.06.02	SER	Traballos de carácter urxente	Varios	08/01/2008	16/01/2008	2.000,00 €
5497/306	4533.227.06.00	AT	Cumprimentar os cuestionarios e demais información para a solicitude das candidaturas de 7 areas á Bandeira Azul 2008	Novocotorno, SL	16/01/2008	31/01/2008	2.923,56 €

A Xunta de Goberno local queda enterada.

5(146).- PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS OPERACIÓNS DE CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS NAS VÍAS URBANAS. EXPTE. 74358/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admóm. Xeral da Área de Mobilidade, Tráfico e Seguridade, do 6.02.08, conformado polo xefe da Área, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte proposta:

PRIMEIRO: Aprobar o Proxecto de Ordenanza Municipal reguladora da carga e descarga de mercadorías nas vías urbanas (Exp. nº 74358/210).

SEGUNDO: Proponer ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a Ordenanza Municipal reguladora da carga e descarga de mercadorías nas vías urbanas (exp. nº 74358/210).

SEGUNDO: Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

TERCEIRO: Declarar que, consonte ao establecido no artigo 49.c) da LRBRL, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da Ordenanza no BOP, entrando en vigor aos 15 días

hábiles da súa completa publicación.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS OPERACIÓNS DE CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS NAS VÍAS URBANAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A necesidade de abastecemento de mercadorías ás industrias e comercios da cidade de Vigo, así como a subministración de materiais ás obras de construción e reparación de inmobles que se realizan, necesariamente ten que ser compatible co tráfico rodado e peonil.

A presente Ordenanza regula as operacións de carga e descarga en vehículos de reparto de mercadorías nas vías urbanas da cidade de Vigo coa finalidade de garantir que se executen en condicións idóneas de seguridade e sen causar prexuízo ao tráfico rodado e peonil. Considerando que estas vías presentan maior conflitividade en materia de tráfico nas horas puntas de cada xornada e coa finalidade de que non teñan que soportar a dificultade engadida que supón a realización das devanditas operacións, establécense limitacións horarias para desenvolvelas. Asemade, a realización das mesmas deberá ser compatible co resto das actividades que se realizan na vía pública, polo que tamén se regula a forma de realizar ditas tarefas.

Na mesma liña, coa finalidade de axilizar a circulación e diminuír a conflitividade do tráfico nas vías máis conxestionadas da nosa cidade, establécese que os vehículos con masa máxima autorizada superior a 10.000 Kg. deberán circular polas rutas delimitadas na presente Ordenanza, agás autorización especial.

Finalmente, establécese un réxime sancionador aplicable ás infraccións que, do mesmo xeito, tipifícanse nesta Ordenanza.

Por todo isto, cómpre regular este tipo de operacións de carga e descarga mediante esta Ordenanza, sendo competencia municipal en virtude do establecido no artigo 25.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, artigo 80.2.b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, artigos 7.a).b) e 38.4 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aprobou o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial e artigo 93 do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento Xeral de Circulación.

ARTIGO 1.-

As operacións de carga e descarga dos vehículos de reparto de mercadorías nas vías urbanas do termo municipal de Vigo rexeranse polas disposicións establecidas na presente Ordenanza e, no que non estea previsto nesta, polo establecido, con carácter xeral, no Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, nos regulamentos que a desenvolven e demais normativa estatal aplicable.

ARTIGO 2.-

Aos efectos da presente Ordenanza, enténdese por operacións de carga e descarga na vía pública a acción e efecto de trasladar unha mercadoría desde un vehículo de transportes de mercadorías privado complementario ou público estacionado ou parado na mesma a unha finca ou viceversa.

ARTIGO 3.-

3.1.- Considéranse vehículos autorizados para a realización das operacións de carga e descarga nos lugares reservados para isto, aqueles dedicados ao transporte de mercadorías, xa sexan privados complementarios ou públicos, con independencia de se están obrigados ou non a posuír tarxeta de transporte.

3.2.- Aos efectos da presente Ordenanza, enténdese por transportes privados complementarios aqueles que levan a cabo por conta propia por empresas ou establecementos, cuxas finalidades principais non son de transporte, como complemento necesario ou axeitado para o correcto desenvolvemento das actividades principais que devanditas empresas ou establecementos realizan. Estes vehículos poden estar rotulados, coa

denominación do establecemento, ou sen rotular.

3.3.- Enténdese por transportes de mercadorías públicos aqueles que se levan a cabo por conta allea mediante retribución económica.

ARTIGO 4.-

Prohíbese aos turismos realizar operacións de carga e descarga nas zonas especialmente reservadas para estas tarefas durante o horario establecido e reflectido na sinalización correspondente.

ARTIGO 5.-

Prohíbese aos vehículos de mudanzas realizar operacións de carga e descarga nas zonas especialmente reservadas para estas tarefas durante o horario establecido e reflectido na sinalización correspondente.

Os titulares destes vehículos deberán solicitar á Policía Local reserva de estacionamento polo tempo que se considere necesario para realizar as súas cargas e descargas, con antelación mínima de 3 días hábiles á ocupación da vía pública, previo pagamento das correspondentes taxas.

ARTIGO 6.-

6.1.- Poderanse establecer, mediante resolución do Concelleiro Delegado Competente, reservas de parada ou estacionamento para a realización das tarefas de carga e descarga que se desenvolverán durante o horario establecido e reflectido na sinalización correspondente.

6.2.- Normas sobre a realización da carga e descarga de mercadorías no ámbito territorial delimitado no artigo 11:

6.2.a.- As zonas especialmente reservadas para carga e descarga serán de obrigada utilización para os vehículos autorizados do artigo 3, prohibíndose a realización destas tarefas fóra das mesmas, agás motocicletas de reparto urxente, vehículos adscritos aos servizos municipais, vehículos de reparto de produtos derivados do petróleo, vehículos de transportes de mercadorías que non excedan de 5 metros de longo e 2 metros de ancho, cun marxe de tolerancia de ata 5%, así como os vehículos que contén con autorización municipal expresa naqueles casos nos que debido ás características da mercadoría, xa sexa polo seu volume ou fragilidade, non resultara posible utilizar a zona reservada ou naqueles outros supostos que considere a Administración Municipal. Esta autorización deberá solicitarse ante a Policía Local cun mínimo de dous días hábiles de antelación á ocupación da vía pública.

6.2.b.- A prohibición de realizar operacións de carga e descarga fóra das zonas reservadas que se establece no apartado anterior, non afecta ás operacións que se realizen desde as 22:00 ata as 07:30 horas que poderán realizarse fóra desas zonas respectando as regras de tráfico.

6.2.c.- As operacións de carga e descarga que se realizen nos espazos reservados cos vehículos autorizados do artigo 3, agás as realizadas con motocicletas de reparto urxente, vehículos adscritos aos servizos municipais, vehículos de transportes de mercadorías que non excedan de 5 metros de longo e 2 metros de ancho, cun marxe de tolerancia de ata 5%, así como con vehículos que contén con autorización municipal expresa, só poderán realizarse durante o horario establecido e reflectido na correspondente sinalización.

6.2.d.- Non estarán suxeitos a limitación horaria algunha na realización nas tarefas de carga e descarga as motocicletas de reparto urxente, os vehículos adscritos aos servizos municipais, os vehículos de transportes de mercadorías que non excedan de 5 metros de longo e 2 metros de ancho, cun marxe de tolerancia de ata 5%, así como os vehículos que contén con autorización municipal expresa e así conste consignado na mesma.

6.3.- Normas de realización da carga e descarga de mercadorías no resto do termo municipal:

6.3.a.- En ningún caso son de obrigada utilización as zonas especialmente reservadas para carga e descarga. Os vehículos de transportes de mercadorías poderán realizar devanditas tarefas fóra destas zonas e sen estar suxeitos a limitación de horario algún.

6.3.b.- Estas zonas estarán reservadas para realizar operacións de carga e descarga durante o horario establecido e reflectido na correspondente sinalización.

ARTIGO 7.-

Mediante resolución do Concelleiro Delegado Competente, nas zonas limitadas en tempo de estacionamento (Xestión de Estacionamento Regulado-XER) poderán establecerse espazos reservados para que os vehículos autorizados, aos que se refire o artigo 3, realizen carga e descarga dentro do horario establecido e reflectido na sinalización correspondente. Durante este horario, exceptúase aos vehículos autorizados que desenvolvan estas tarefas de estar provistos de título habilitante.

Coa finalidade de combinar ambos usos nos espazos reservados que se establezan na zona XER, o mero estacionamento inactivo e mailas tarefas de carga e descarga, o vehículo autorizado non poderá executar estas tarefas ao finalizar o horario permitido, reflectido na sinalización correspondente, debendo abandonar o espazo reservado salvo que se limite ao mero estacionamento inactivo estando provisto do título habilitante. Non obstante, os vehículos de transportes de mercadorías que non excedan de 5 metros de longo e 2 metros de ancho, cun marxe de tolerancia de ata 5%, poderán executar operacións de carga e descarga ao finalizar o horario permitido, reflectido na sinalización correspondente, estando provistos de título habilitante.

ARTIGO 8.-

Se permiten realizar tarefas de carga e descarga nos tramos de rúa en que exista carril reservado para o transporte público urbano así como nas zonas reservadas para a súa parada, desde as 00:00 horas ata as 06:00 horas.

ARTIGO 9.-

Tamén poderanse autorizar zonas reservadas para carga e descarga, solicitadas a instancia dos comerciantes, de acordo coas operacións que desenvolven e a incidencia das mesmas no tráfico da zona, requirindo, en todo caso, informe previo dos técnicos municipais e resolución do Concelleiro Delegado Competente.

ARTIGO 10.-

As zonas reservadas para carga e descarga sinalizaranse verticalmente co sinal S-17 ou R-307, horizontalmente con marca amarela zigzag e/ou marca amarela lonxitudinal continua e panel complementario indicador do horario de realización das tarefas.

ARTIGO 11.-

11.1.- Establécese o seguinte ámbito territorial:

- Un polígono interior delimitado polas seguintes rúas, incluídas as mencionadas: Concepción Arenal, Areal, Isaac Peral, San Lourenzo, Doctor Antón Beiras, Travesía de Vigo, Pizarro, Pza. de España, Gran Vía, Pza. de América, Coruña, Pza. Industria, Jacinto Benavente, Ribeira do Berbés, Cánovas del Castillo e Montero Ríos.

- As seguintes rúas e tramos de rúas exteriores ao polígono delimitado: García Barbón, Sanjurjo Badía, Buenos Aires, Travesía de Vigo, Gregorio Espino, Urzáiz, Aragón (entre a rúa Genaro de la Fuente e Urzáiz), Sagunto, Estrada Provincial (entre Camiño Quirós e Gran Vía), Avda. Castrelos (entre Pza. América e Alcalde Portanet), Alcalde Portanet (entre Castrelos e Val Miñor), Manuel de Castro, Avda. Balaídos, Avda. Fragoso, Avda. Florida (entre Pza. América e Manuel de Castro), Tomás A. Alonso e Camilo Veiga.

11.2.- No ámbito territorial delimitado no artigo 11.1, non se poderán realizar operacións de carga e descarga de mercadorías nos espazos reservados na vía pública durante as seguintes horas:

- Desde as 07:30 ata as 09:30 horas, desde as 13:00 ata as 15:00 horas e desde as 18:00 ata as 22:00 horas, agás domingos e festivos que se prohíbe realizar carga e descarga, agás a subministración de combustibles derivados do petróleo a estacións de servizo.

- Fóra destes horarios ou dos indicados na sinalización correspondente, os espazos reservados para carga e

descarga serán de uso público coas restricións propias segundo o tipo de zona de que se trate (residentes, XER ...).

- Non estarán suxeitos a limitación horaria algunha as motocicletas destinadas ao reparto urxente, os vehículos de subministración de combustibles derivados do petróleo a estacións de servizo, os vehículos de transporte de mercadorías que non excedan de 5 metros de longo ata 2 metros de ancho, cun marxe de tolerancia de ata 5%, nin aqueles que gocen de autorización especial e así conste expresamente consignado na mesma.

ARTIGO 12.-

Mediante resolución do Concelleiro Delegado Competente, poderanse ditar disposicións que versen sobre as seguintes materias:

- Creación ou supresión das zonas reservadas para carga e descarga.*
- Sinalización das zonas de carga e descarga.*
- Modificación do horario permitido para desenvolver as operacións de carga e descarga, en relación coa problemática propia nas diferentes rúas e barrios da cidade.*
- Prohibición puntual da realización de tarefas de carga e descarga, en determinadas zonas da cidade, considerando razóns de interese xeral, tales como a celebración de procesións relixiosas, celebración de festas ou grandes eventos populares ou culturais.*
- Modificación da masa máxima autorizada dos vehículos e das rutas establecidas no artigo 18 da presente Ordenanza.*

ARTIGO 13.-

Na realización das operacións de carga e descarga observaranse as seguintes prescricións:

13.1.- Con carácter preferente, a carga e descarga de mercadorías realizarase no interior dos locais comerciais e industriais, sempre que reúnan as condicións axeitadas e posúan autorización de vado para o acceso de vehículos. Cando as condicións destes locais non permitan realizar carga e descarga no seu interior, estas operacións poderanse realizar na reserva de vado de ser o caso.

13.2.- As operacións de carga e descarga realizaranse de acordo co disposto no artigo 6 da presente Ordenanza.

13.3.- Poderán facer uso das zonas reservadas, dentro do horario establecido na sinalización correspondente, os vehículos de transportes de mercadorías autorizados durante un tempo máximo de 15 minutos.

Nas zonas reservadas, dentro do horario establecido e reflectido na sinalización correspondente, prohíbese o estacionamento e parada dos vehículos non autorizados e, tamén, daqueles que estando autorizados non estean realizando efectivamente devanditas tarefas. Nestes casos, os vehículos poderán ser inmovilizados ou retirados polos axentes da policía local mediante o emprego de elementos mecánicos idóneos.

13.4.- As tarefas de carga e descarga realizaranse respectando as regras de tráfico. Prohíbese parar ou estacionar en dobre fila para realizar estes labores.

13.5.- As tarefas de carga e descarga realizaranse de acordo co disposto no artigo 16 do Regulamento Xeral de Circulación. Respetaranse as disposicións sobre parada e estacionamento; as mercadorías cargaranse e descargaranse polo lado do vehículo máis próximo ao bordo da beirarrúa ou pola parte traseira, sen interferir na circulación rodada da zona e garantindo o paso e a seguridade do tránsito peonil. En ningún caso obstaculizarase o acceso a fincas e comercios.

13.6.- As tarefas de carga e descarga levaranse a cabo con medios dabondo para conseguir celeridade, e procurando evitar ruídos e molestias innecesarias. Será de aplicación á realización destas operacións o disposto na Ordenanza Municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións.

13.7.- Queda prohibido depositar as mercadorías na calzada, beiravía ou zonas peonís. En ningún caso se almacenarán no chan as mercadorías ou obxectos que se estean cargando ou descargando.

ARTIGO 14.-

14.1.- Os vehículos destinados ao transporte de mercadorías perigosas deberán cumprir estritamente o disposto no RD 551/2006, de 5 de maio, que regula as operacións de transporte de mercadorías perigosas por estrada e demais normativa aplicable. As operacións de carga e descarga de mercadorías molestas, nocivas, insalubres ou perigosas, rexeranse, ademais, polas disposicións específicas que regulan a materia.

14.2.- O reparto en vehículos cisterna de produtos derivados do petróleo para uso doméstico, deberá ser comunicado pola compañía subministradora á Policía Local, con tres días de antelación, a cal fixará itinerario e horario.

ARTIGO 15.-

Na construción de edificacións de nova planta así como en calquera obra de reforma total ou parcial, demolición, escavación ou canalización que requiran licenza urbanística municipal, as operacións de carga e descarga deberán realizarse no interior da obra.

Cando non sexa posible dispoñer deste espazo, as zonas de reserva de estacionamento por obra na vía pública concederanse previa solicitude e autoliquidación da correspondente taxa, acompañada da preceptiva copia compulsada da licenza municipal urbanística así como do informe técnico que acredite a imposibilidade de reservar espazo dentro do recinto da obra. Á vista da documentación aportada polo solicitante, resolverase sobre a procedencia da súa concesión e sobre os condicionantes da mesma no seu caso.

ARTIGO 16.-

A instalación de contedores de obra na vía pública realizarase respectando as prescricións establecidas na Ordenanza Municipal reguladora da instalación de contedores.

O Concello resérvase o dereito a ordenar a retirada dos contedores de escombros de obra cando así o aconsellen as circunstancias de circulación ou concorran outras razóns de interese xeral debidamente acreditadas.

As operacións específicas de cambio ou substitución de contedores de escombros cheos por outros baleiros só poderán realizarse nos horarios e días fixados no artigo 11.2 da presente Ordenanza. En todo caso, tomaranse as medidas oportunas para reducir, na maior medida posible, o tempo de realización da operación.

ARTIGO 17.-

Os condutores de vehículos que realicen as tarefas obxecto de regulación nos artigos precedentes, serán responsables da limpeza dos residuos ou verquidos que se produzan sobre a vía pública durante a execución das mesmas. Tras sinalizar convenientemente o obstáculo creado, adoptarán as medidas necesarias para a súa retirada no menor tempo posible, debendo poñelo en coñecemento da Policía Local.

En particular, no caso das obras, deberán coidar que as rodas dos camiões estean limpas de terra e lama antes de acceder á vía pública, así como que a vía quede debidamente limpa.

ARTIGO 18.-

Os vehículos con masa máxima superior a 10.000 Kg. que circulen polo término municipal de Vigo desde as 08:00 horas ás 22:00 horas, deberán facelo obrigatoriamente polas rutas establecidas no Anexo desta Ordenanza. Non poderán circular fóra das rutas establecidas, durante o mencionado horario, sen estar provistos dunha autorización especial que deberá ser colocada no parabrisas dianteiro do vehículo, de forma ben visible.

ARTIGO 19.-

19.1.- As autorizacións especiais ás que se refire o artigo anterior, solicitaranse perante a Policía Local, cunha

antelación mínima de 48 horas, ou 24 horas en supostos de urxencia debidamente acreditados. Na devandita solicitude, que virá acompañada de fotocopia dos permisos de circulación dos vehículos para os que se pretende obter autorización, indicárase a matrícula ou matrículas dos mesmos e mailo período temporal para o que se desexa obter autorización especial.

19.2.- Quedan excluídos do disposto nos artigos 18 e 19.1, os vehículos do servizo de extinción de incendios e salvamento, autobuses do transporte de viaxeiros e transporte escolar, debidamente autorizados, vehículos propiedade municipal ou adscritos aos servizos municipais e os vehículos das concesionarias dos servizos públicos.

ARTIGO 20.-

Constitúen infraccións a esta Ordenanza os actos ou omisións que contraveñan o disposto nela, que se clasifican en leves, graves e moi graves. As infraccións a esta Ordenanza serán sancionadas polo órgano municipal competente, previa instrución do correspondente expediente.

ARTIGO 21.-

Considéranse infraccións leves:

- 1.- Realizar carga ou descarga de mercadorías sen facelo polo lado do vehículo máis próximo ao bordo da beirarrúa ou pola súa parte traseira.
- 2.- Realizar carga ou descarga de mercadorías obstaculizando o acceso a fincas e comercios.
- 3.- Realizar carga ou descarga depositando as mercadorías nas beirarrúas.
- 4.- Realizar operacións de carga e descarga sen axustarse aos horarios permitidos.
- 5.- Realizar operacións de carga e descarga lixando a vía pública.
- 6.- Transportar carga que non estea disposta e sinalizada na forma regulamentariamente determinada.
- 7.- Estacionar ou parar cun vehículo de mudanzas na vía pública, respectando as normas xerais de estacionamento ou parada, realizando carga e descarga sen contar con reserva de estacionamento autorizada ao efecto.
- 8.- Estacionar ou parar na vía pública, no ámbito territorial establecido no artigo 11.1, respectando as normas xerais de estacionamento ou parada con vehículos autorizados aos que se refire o artigo 3 da presente Ordenanza, agás as motocicletas de reparto urxente, vehículos adscritos aos servizos municipais, vehículos de reparto de produtos derivados do petróleo para uso doméstico, vehículos dedicados ás tarefas de carga e descarga que non excedan de 5 metros de longo e 2 metros de ancho, cun marxe de tolerancia de ata 5% e aqueles que contén autorización municipal expresa, fóra dos espazos reservados para carga e descarga realizando estas tarefas.
- 9.- Circular polo término municipal fóra das rutas establecidas no Anexo desta Ordenanza, durante o horario comprendido entre as 08:00 horas e as 22:00 horas, sen estar provisto de autorización especial, cun vehículo de masa máxima superior a 10.000 Kg, ou ben, sen ter colocada a autorización especial, á que se refire o artigo 18, no parabrisas dianteiro do vehículo, de forma ben visible.
- 10.- Calquera outra infracción ás normas desta Ordenanza non cualificada expresamente como grave ou moi grave.

ARTIGO 22. -

Considéranse infraccións graves:

- 1.- Estacionar ou parar cun vehículo non autorizado (turismo, vehículo de mudanzas...) nunha zona reservada a carga e descarga, durante as horas de utilización.
- 2.- Estacionar cun vehículo autorizado nunha zona reservada a carga e descarga, durante as horas de utilización, sen realizar efectivamente devanditas tarefas, atopándose o motor do vehículo parado, o sistema de arranque desconectado e sen presenza física do condutor nas inmediacións.

ARTIGO 23.-

Considéranse infraccións moi graves:

1.- A falsificación de autorización ou tarxeta expedida polo Concello.

2.- A ocultación, manipulación ou falsidade dos datos consignados na solicitude ou documentación anexa aportada en orde á obtención das correspondentes autorizacións ás que se refire esta Ordenanza.

ARTIGO 24.-

1. As infraccións á Ordenanza tipificadas nos artigos anteriores serán sancionadas coas sancións previstas no artigo 67 do Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial.

2. As sancións graduaranse en atención á debida adecuación entre a gravidade e transcendencia do feito, aos antecedentes do infractor e a súa condición de reincidinte, ao perigo potencial creado para el mesmo e para os demais usuarios da vía e ao criterio de proporcionalidade.

ARTIGO 25.-

Os prazos de prescrición das infraccións e sancións da presente Ordenanza serán os establecidos no Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Queda expresamente derogado o Texto Refundido da Ordenanza Municipal de Circulación e Transportes, publicado no BOP nº 65, de 18.03.1991 e maila Ordenanza Municipal Complementaria de Tráfico.

Manteñen a súa vixencia o Bando da Alcaldía de 25.05.2001 que regulamenta o acceso rodado ao paseo marítimo e porto deportivo, o Bando de 08.02.2002 que regulamenta a circulación de vehículos no barrio histórico (casco vello) e o Bando de 28.09.2006 regulador da remodelación realizada en distintas rúas do centro da cidade.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

O Concello deberá aprobar no prazo de seis meses desde a entrada en vigor da presente Ordenanza, un texto que refunda e actualice a normativa existente en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.

Non obstante, a presente Ordenanza autoriza a implantación na vía pública de medidas para moderar a velocidade. Esta medida pretende facer efectiva a convivencia do tráfico rodado e peonil.

Ao abeiro do disposto no artigo 5.2 do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento Xeral de Circulación, estas medidas non se considerarán obstáculos na calzada sempre que cumpran a regulación básica establecida ao efecto polo Ministerio de Fomento e se garanta a seguridade vial dos usuarios e, en particular, dos ciclistas.

É pretensión da Administración Municipal evitar converter as nosas rúas e prazas e, en xeral, os espazos públicos da nosa cidade, en meros canles de distribución do tráfico, posto que deben ser espazos de convivencia para todos os usuarios. A situación, ademais vese agravada polo comportamento pouco cívico dalgúns condutores, que incluso chegan a por en perigo a liberdade e seguridade do resto dos usuarios das vías públicas.

O Concello considera prioritario modificar esta tendencia, de xeito que o viario garanta a seguridade e calidade de vida de todos os usuarios, compatibilizando o seu uso tanto polos residentes e viandantes en xeral, como polos vehículos motorizados. Deste xeito, coa finalidade de seguir avanzando na mellora da mobilidade e seguridade vial, autorízase a que por resolución do Concelleiro Delegado Competente, previa emisión dos informes técnicos pertinentes, se implanten na vía pública medidas encamiñadas a moderar a velocidade do

tráfico

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

A promulgación futura e entrada en vigor de normas de rango superior ao desta Ordenanza que afecten ás materias regulamentadas na mesma determinará a aplicación automática daquelas, sen prexuízo dunha posterior adaptación, no que fose necesario, da Ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL TERCEIRA

Conforme ao establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta Ordenanza entrará en vigor aos quince días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

ANEXO:

RUTAS DE CIRCULACIÓN DOS VEHÍCULOS CON MASA MÁXIMA SUPERIOR A 10.000 K.G

VÍAS PRINCIPAIS DE ACCESO- Plano xeral:

AP-9 e a súa bifurcación cara o centro de Vigo

N-552 ata Av. Buenos Aires.

N-555

A-55 e Avd. de Madrid ata Estación de Autobuses.

VG-20.

AG-57

ZONA BOUZAS-BEIRAMAR-TEIS- Plano 1:

Av. Galicia.

Av. Marina Española

Av. Buenos Aires

R./ Julián Estévez.

Túnel de Beiramar.

R./ Isaac Peral.

R./ Areal ata R./ Serafín Avendaño (entrada ao porto).

R./ Cánovas del Castillo.

Av. Beiramar.

R./ Eduardo Cabello

R./ Jacinto Benavente.

ZONA SAN ANDRÉS-CORUXO-ZONA FRANCA (CITROËN)- Plano 2:

Avd. Citroën e circunvalación do Estadio de Balaídos.

Estr. de Camposancos ata Estr. do Bao.

Estr. do Bao desde Estr. Camposancos ata Av. Ricardo Mella.

Av. Ricardo Mella desde Estr. do Bao ata VG-20.

Cmño. do Caramuxo desde Estr. Camposancos ata Av. Ricardo Mella.

Todas as interiores ao polígono que encerran ás catro últimas.

ZONA SÁRDOMA- Plano 2:

Cmño. do Raviso desde Av. Madrid ata R./ Miraflores.

R.. Miraflores desde R./ do Raviso ata barriada de Laxe.

Estr. Ponte Segade.

Estr. Moledo.

Estr. do Lameiro.

Toda as interiores ao polígono que xunto coa Av. de Madrid encerran ás cinco últimas.

*Estr. Provincial desde Av. Madrid ata 350m.
Estr. Fragoño.
Cmño da Coba entre Estr. Moledo e R. do Cacheno.
R./ do Cacheno.*

ZONA A BAGUNDA- Plano2:

*R./ Gandarón
Av. Alcalde Lavadores
Estr. vella de Madrid desde Avd. Madrid e Avd. Alcalde Lavadores.
Toda as interiores ao polígono que xunto coa Avd. de Madrid encerran ás tres últimas
R./ Bagunda desde R./ Gandarón ata R./ Severino Cobas.
R./ Severino Cobas desde R./ Bagunda ata o Cmño. do Foro.*

ZONA PEINADOR-Plano 3:

*Estr. N-555 ata Av. do Aeroporto.
Av. do Aeroporto desde N-555 ata o linde municipal.
Av. do Tranvía desde Av. Aeroporto ata acceso a AP-9.*

ZONA PUXEIROS- Plano 3:

*Av. da Ponte desde acceso A-55 ata Estr. das Plantas.
Estr. das Plantas ata Estr. do Rebullón.
Estr. do Rebullón ata o linde municipal.*

ZONA PARQUE TECNOLÓXICO VALLADARES-Plano 4:

*Estr. San Cosme ata a Estr. Circunvalación do Campus Lagoas-Marcosende da Universidade de Vigo e a propia circunvalación.
Estr. Clara Campoamor ata R. Ramiro Pascual.
P0-331.*

6(147).- FIXACIÓN DO PREZO DE VENDA Ó PÚBLICO DO CATÁLOGO DA EXPOSICIÓN “LINO LAGO 00-08”. EXPTE. 2848/337.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director do Museo municipal “Quiñones de León”, do 14.01.08, que di o seguinte:

Con motivo da mostra “Lino Lago. 00 – 08” que se vai a celebrar na Casa das Artes do 18 de xaneiro ao 17 de febreiro de 2008, editarase un catálogo con textos e fotografías seleccionadas. Este catálogo ten un custe total (edición, deseño, textos, fotografías) para unha tiraxe de 500 exemplares, i.v.e. incluído, de 5999.76 euros.-, co que o custe total unitario máximo é de 12 euros.

Co obxecto de recuperar parte do investimento feito na edición destes catálogos e, o mesmo tempo aumenta-la súa difusión, o concelleiro de cultura resolveu a apertura do expediente de venda ó público correspondente conforme á ordenanza municipal correspondente.

Segundo dispón a ordenanza reguladora dos prezos de venda ó público de publicacións, o valor de venda ó público de cada exemplar das mesmas oscilará entre un mínimo dun 50% e un máximo dun 100% do seu prezo de custe, impostos incluídos. Segundo isto, resultan uns prezos mínimo e máximo para esta publicación de 6 EUROS e 12. EUROS respectivamente. O prezo medio de venda aconséllase que podería ser de 9 euros, impostos incluídos.

Do total dos 500 catálogos que se encargaron, considérase de interese poñer á venda pública un total de 200 e reservar 300 para necesidades protocolarias do concello e intercambio de publicacións con outros museos

Á vista do citado, seguindo instrucións do Concelleiro de Cultura faise á Comisión de Goberno a seguinte

PROPOSTA.-

Poñer á venda 200 catálogos, dos 500 editados co gallo da exposición “Lino Lago. 00 – 08” a un prezo unitario de venda ó público de NOVE (9) EUROS.-, I.V.E. incluído, reservando o resto da edición para as necesidades protocolarias do Concello e de intercambio do museo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(148).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE GASTO MENOR NO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE O MES DE XANEIRO. EXPTE. 682/334.

Mediante providencia de data 1.02.08, a concelleira de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística dá conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Normalización Lingüística durante o mes de xaneiro de 2008, que son os seguintes:

Expediente	677/334. Instalación das ciclobibliotecas e monitoraxe de animación á lectura os días 2, 3 e 4 de xaneiro de 2008
Decreto concelleira	data 2 de xaneiro de 2008
Informe Intervención	RC 1458
Adxudicatario	Asociación Cultural Papaventos, E.A.
Importe	550,00 euros

Expediente	680/334. Subministro de libros e outras publicacións
Decreto concelleira	data 14 de xaneiro de 2008
Informe Intervención	RC 3935
Adxudicatario	Varios provedores
Importe	600,00 euros

Expediente	681/334. Realización de portes
Decreto concelleira	data 14 de xaneiro de 2008
Informe Intervención	RC 3945
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	1.500,00 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

8(149).- PROPOSTA DE BAIXA DE DOUS VEHÍCULOS MUNICIPAIS. EXPTE. 5578/445.

Visto o informe do xefe do Parque Móbil, do 28.09.08, conformada pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda dar de baixa como despezamento no patrimonio

municipal os seguintes vehículos:

Matrícula	Tipo	Antigüidade
PO-7311-AM	Furgoneta	16
PO-5461-AL	Moto	16

9(150).- CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL PARA A MELLORA DA INFRAESTRUCTURA DE CANALIZACIÓN DE AUGA EN CASTRELOS. EXPTE. 4182/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 4.02.08, conformado pola delegada da Área de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

A Consellaría do Medio Rural comunica a este Concello, con data 30 de novembro de 2007, que está en condicións de asumir con cargo aos seus orzamentos obras de infraestrutura rural neste municipio, dentro do “Programa Estratéxico de Infraestructuras no Medio Rural (PEIM Rural) no ano 2008”.

En concreto, a actuación é a “Mellora da infraestrutura de canalización de auga en Castrelos”, por un importe aproximado de 160.624,23 euros e, no caso de estar de acordo con esta actuación, solicita que, con carácter previo á formalización do correspondente convenio de colaboración, o órgano competente manifieste a súa aceptación á execución da mesma en réxime de cooperación, así como a adopción do seguintes compromisos.

Polo exposto, solicítase que esa Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

O Concello de Vigo ante a notificación efectuada pola Consellaría do Medio Rural, de realizar con cargo aos seus orzamentos as obras de infraestrutura rural consistente en Mellora da infraestrutura de canalización de auga en Castrelos, manifesta a súa aceptación á execución da mesma en réxime de cooperación e comprométese a:

- Poñer a disposición da Consellaría do Medio Rural, libre de cargas e gravames todos os terreos necesarios para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarias para levar adiante a mesma.*
- Renunciar a calquera clase de tributo ou taxa por mor das obras.*
- Continuar asumindo, despois da recepción das obras e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a súa explotación, mantemento e conservación.*

Asimesmo, facúltase ao Tenente Alcalde, Santiago Domínguez Olveira, en virtude da Resolución de Alcaldía de 5 de xullo de 2007, para a sinatura do correspondente Convenio de Cooperación.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(151).- EXPEDIENTE PARA A SUBHASTA DE 53 VEHÍCULOS DO DEPÓSITO DA AVDA. DE MADRID PARA CHATARRA. EXPTE. 2163/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 5.02.08, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta

de Goberno local acorda:

Allear para chatarra 53 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprilas seguintes condicións:

As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).

- Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.
- Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo seccionar os bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presentalo xustificante do abono do prezo.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello.

11.- REVERSIÓN DO EDIFICIO CAMBÓN Á COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. EXPTE. 18253/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do 5.02.08, conformado polo xefe da Unidade de Patrimonio e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 3/1985, de 12 de abril, de patrimonio da Comunidade autónoma de Galicia (LPG).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG).*
- *RD 1372/1986, de 13 de xuño, regulamento de bens das entidades locais (RBEL).*
- *Decreto 50/1989, de 9 de marzo, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 3/1985, de 12 de abril, de patrimonio da Comunidade autónoma de Galicia.*

ANTECEDENTES

A Secretaría Xeral e do Patrimonio da Xunta de Galicia, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 22 de xaneiro de 2008, solicita a reversión do Edificio Cambón, cedido gratuitamente a este Concello mediante Decreto 86/2004 da Consellería de Economía e Facenda, co fin de efectuar unha nova cesión a favor do Padroado do Parque Nacional das Illas Atlánticas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O Excmo. Concello de Vigo é titular do denominado “Edificio Cambón”, (propiedade nº 3660) sito na rúa da Palma nº 4 desta cidade, adquirido por cesión gratuíta da propiedade por parte da Xunta de Galicia, mediante Decreto 86/2004, de 25 de marzo, da Consellería de Economía e Facenda, aceptada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 31 de maio de 2004 e protocolizada en escritura pública en data 22 de setembro do mesmo ano. Consta inscrito no Rexistro da Propiedade nº 5 de Vigo, no tomo 1461, folio 202, finca nº 6136-N, inscrición 23ª a favor deste Concello.

Segundo.- A lexislación en materia de bens permite á Xunta de Galicia a cesión gratuíta dos seus bens patrimoniais inmoables, con cumprimento dos seguintes requisitos: 1º.- Que non se estime previsible a súa afectación demanial ou o seu aproveitamento pola propia administración autonómica; 2º.- Que a cesión sexa en favor de institucións ou corporacións públicas ou ben entidades privadas sen ánimo de lucro, que deberán

destinalos a fins de utilidade pública ou de interese social; 3º.- Que o acordo de cesión, que se publicará no «Diario Oficial de Galicia», exprese a finalidade concreta á que as entidades beneficiarias deben destinar os bens, así como as súas condicións (artigo 30.1 e 2 LPG e 83 e 86 Decreto 50/1989). Neste marco xurídico, a Consellería de Economía e Facenda, por Decreto 86/2004, de 25 de marzo, cede gratuitamente por tempo indefinido ó Concello de Vigo o edificio Cambón co fin de destinalo a sede da Alcaldía ou ben a dependencias doutros órganos de goberno do Concello (artigo 2.a Decreto 86/2004).

No entanto, o fin da cesión non se materializou, e na actualidade o edificio Cambón atópase sen uso, segundo informa o Sr. Xefe de Relacións públicas e protocolo do Concello de Vigo, en data 22 de xaneiro. Esta circunstancia motivou a formulación de solicitude de reversión do ben cedido por incumprimento do fin da cesión, por parte da Secretaría Xeral e do Patrimonio da Xunta de Galicia.

Por imperativo legal, se os bens cedidos non se aplicasen ó fin sinalado dentro do prazo inicialmente fixado no acordo, neste caso, dous anos a contar dende o outorgamento da escritura pública de cesión (artigo 2.b Decreto 86/2004), ou deixasen de estalo con posterioridade ou ben se incumprisen as condicións do acordo, se considerará resolta a cesión e os bens reverterán á Comunidade Autónoma, que terá dereito a percibir, previa taxación pericial, o valor dos detrimentos ou deterioro que houberen experimentado (artigo 30.3 LPG e 87 Decreto 50/1989).

O arquitecto municipal da oficina técnica de Patrimonio, en informe de data 4 de febreiro de 2008, valora o inmovible no seu estado actual de conservación nun millón cento trinta e tres mil douscentos setenta e oito euros con trinta e oito céntimos de euro, importe que coincide co da súa valoración a efectos fiscais na escritura pública de cesión, outorgada en data 22 de setembro de 2004, baixo o número de protocolo 1244-04 do Notario Luís Rajoy Brey, polo que non procede o aboamento de detrimentos.

Resulta competente para a adopción do presente acordo de reversión a Xunta de Goberno Local, de acordo co disposto no artigo 127.1.f LBRL, que lle atribúe a xestión do patrimonio municipal.

En mérito ó que antecede, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Declarar a reversión do denominado edificio Cambón sito na rúa da Palma nº 4 desta cidade á Comunidade autónoma de Galicia.

2º.- Poñer a disposición da Xunta de Galicia o edificio Cambón co fin do seu destino a sede administrativa do Parque Nacional Illas Atlánticas.

3º.- Formalizar en escritura pública a presente reversión.

4º.- Proceder a dar de baixa no inventario municipal de bens e dereitos o edificio Cambón”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(153).- AUTORIZACIÓN DA HIPOTECA DE CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DE USO MIXTO NAS RÚAS AREAL, POLICARPO SANZ E PINTOR COLMEIRO. EXPTE. 18257/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 6.02.08, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, del patrimonio das administracións públicas.*
- *Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais (RS).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).*
- *Lei 30/1992, de 26 novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).*

ANTECEDENTES

D. Eloy García Alvariza, en nome e representación da UTE Eloymar – Tranvías, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de xaneiro de 2008, solicita autorización do órgano de contratación para hipotecar o dereito real de concesión outorgado a súa representada para a construción e explotación de tres aparcadoiros de uso mixto nas rúas Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 21 de maio de 2007, acordou a adxudicación do lote 1 do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro á favor da UTE Eloymar – Tranvías, segundo o prego de cláusulas técnicas e administrativas e os anteproxectos aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2006, formalizándose o contrato en data 13 de xuño de 2007.

Segundo.- A titularidade dunha concesión administrativa outorga o concesionario un dereito real sobre as obras, construcións e instalacións fixas que constrúa para o exercicio da actividade autorizada polo título concesional (artigo 97 LPAP). A lexislación patrimonial das administracións públicas permite a hipoteca deste dereito real, se ben con suxeición ós seguintes requisitos: 1º.- So poderá ser hipotecado como garantía dos préstamos contraídos polo titular da concesión coa finalidade de financiar a realización, modificación ou ampliación das obras, construcións e instalacións de carácter fixo situadas sobre a dependencia demanial ocupada; 2º.- Para constituír a hipoteca será necesaria a previa autorización da autoridade competente para o outorgamento da concesión; 3º.- As hipotecas se extinguirán á extinción do prazo concesional (artigo 98.2 LPAP). Nesta liña, o PCAP (artigo 31.f) consigna, entre os dereitos do concesionario, o de hipotecar a concesión administrativa outorgada, coa limitación de que sexa en garantía de débedas que garden relación co obxecto do contrato e reduce o prazo hipotecario con respecto ó establecido na LPAP, pois impón a cancelación da hipoteca cinco anos antes da data fixada para a reversión (50 anos a partir da acta da comprobación das obras do respectivo aparcadoiro -artigo 5.1 PCAP-), condicionando tamén o exercicio deste dereito a previa autorización administrativa. Á vista da lexislación aplicable podemos concluír que non existe inconveniente para acceder ó solicitado, condicionándoo o cumprimento dos requisitos legais.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no artigo 127.1.f LBRL.

En mérito ó que antecede, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Autorizar á UTE Eloymar – Tranvías a constitución dunha hipoteca sobre a concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro de que é titular condicionada o cumprimento dos seguintes requisitos:

1) O dereito real de concesión so poderá ser hipotecado como garantía dos préstamos contraídos polo titular da concesión coa finalidade de financiar a realización, modificación ou ampliación das obras, construcións e instalacións de carácter fixo situadas sobre a dependencia demanial ocupada.

2) A hipoteca deberá quedar cancelada cinco anos antes da finalización do prazo concesional que é de 50 anos a partir da acta da comprobación das obras do respectivo aparcadoiro.

2º.- O concesionario deberá achegar a esta Administración copia da escritura pública de constitución da hipoteca e xustificación da súa inscrición no Rexistro da Propiedade no prazo dun mes a contar dende o día seguinte o outorgamento da devandita escritura pública.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(154).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes de Intervención Xeral e os informes-proposta do xefe de negociado de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

A) Devolver a Obras y Construcciones Dios S.A. a fianza de 9.800 € constituída para responder da subministración de formigóns xa que foi recibida conforme as condicións do eprego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1628/241.

B) Devolver a Adelino Carrera S.L.a fianza de 9.600 € constituída para responder da subministración de formigóns e áridos, xa que foron recibidos conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2158/241.

14(155).- RECLAMACIÓN DE D. ALVARO MÍGUEZ BLANCO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1383/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 22.01.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Don Álvaro Míguez Blanco presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 9.1.2007, no que expón que, o día 16.12.2006, mentres camiñaba pola rúa Pizarro de Vigo, sufriu unha caída por mor da existencia de deficiencias nas lousas da beirarrua, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do Servizo de vías e obras de data 24.1.2007, sobre o estado do lugar onde o reclamante indica ter ocorrido o accidente.*
- *Informe do Servizo da Policía local de data 19.12.2006, no que os axentes actuantes manifestan que o Sr. Míguez persóase nas dependenzas da Policía local e lles relata o accidente que tivera o día 16; persoados*

no lugar comprobán as deficiencias das lousas da beirarrúa.

- *Dítame para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que os cuantifica en 1.968,58 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante en data 15.6.2007, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal supremo (STS 25.01.1974 ou 05.11.1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- *O día a reclamante recibiu asistencia médica no Servizo de urxencias médicas do Hospital Nuestra Señora de Fátima por lesións que segundo o ditame médico solicitado ó efecto se valoran en 1.917,30 euros.*
- *Do accidente, non hai testemuñas directas, e a policía local tampouco acudiu ó lugar nin tivo coñecemento del.*
- *De conformidade co informado polo Servizo de vías e obras e fotografías que con éste informe se achegan,*

o lugar onde o reclamante di que caeu non corresponde á beirarrúa senón á calzada.

De todo o anterior, resulta que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesada, de que o accidente ocorreu no día des lugar que el indica, , por canto non houbo testemuñas directas dos ditos feitos e o informe médico dous días posterior refírese a unha caída segundo refire a paciente, polo que, como ten dito o Consello consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada. En todo caso resaltar que no suposto lugar da caída tampouco hai defecto ningún que xustificara responsabilidade do Concello.

En todo caso, segundo as súas manifestacións o accidente tivo lugar na calzada e non na beirarrúa, lugar non habilitado para os péons senón para a circulación de vehículos de conformidade co que dispón o artigo 10 da Ordenanza xeral de circulación do termo municipal de Vigo, neglixenza da reclamante que enlaza directamente co resultado lesivo producido e faría romper o nexo causal necesario.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Alvaro Míguez Blanco por unha caída ocorrida o día 16 de decembro de 2006 na rúa Pizarro de Vigo, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(156).- RECLAMACIÓN DE D^a. ADELA VALENCIANO DEL CASTILLO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1234/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 22.01.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Adela Valenciano del Castillo presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 22 de setembro de 2006, no que expón que o día 20 de setembro de 2006, mentres camiñaba pola rúa Núñez de Balboa, á altura do núm. 35 caeu nunha focha que deixara aberta na vía a empresa que reparara a rotua dos canos xerais de auga, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

Informe do Servizo de vías e obras, de data 10.11.2006, sobre o lugar onde a reclamante manifesta ter caído.

- Informe do Servizo da Policía local de Vigo, de data 15.11.2006, no que manifestan non teren constanza dos feitos reclamados.*
- Ditame para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 396,00 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de auga que formula alegacións en data 24.4.2007..*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 4.4.2007, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando réune o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- O presunto dano prodúcese de conformidade co informe do Servizo de vía e obras do Concello no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano de resultaren probado, e polo tanto estaría obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a existencia dunha focha nunhas obras na acometida de

saneamento.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcimento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirse á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no parágrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co parágrafo segundo do artigo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Carto.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, do exáme do expediente resulta acreditado o seguinte :

1. O día 21 de setembro de 2006 a reclamante foi recoñecida médicamente de diversas lesións de carácter leve, que en ditame médico solicitado ó efecto se valoran en 396 euros.
2. Se ben a reclamante manifesta que ditas lesións causáronse o día anterior de recibiren asistencia médica ó caer nunha focha deixada no lugar, sin sinal que advertise de perigo ningún, cando se reparou nunha rotura da rede de subministración de auga, non presenta testemuñas directas do acontecido.
3. Consonte co informe emitido ó efecto ó lugar dos feitos non acudiu a Policía local, nin tampouco ten constanza destes feitos.

De todo o anterior, resula que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesada, de que as lesións leves polas que foi atendida ocorreron no lugar e nas circunstancias que ela indica, por canto non houbo testemuñas directas dos ditos feitos e en informe médico refírese , polo que, como ten dito o Consello Consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada. En todo caso, da documentación que hai no expediente resulta que a reclamante vive ó carón de onde di que ocorreron os feitos polo que tiña que ser perfectamente coñecedora das circunstancias nas que o lugar se atopaba, que a empresa concesionaria Aqualia manifesta non ofrecía perigo nin para o tráfico rodado nin peonil, ó estar debidamente sinalizado.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por Dna. Adela Valenciano del Castillo por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(157).- RECLAMACIÓN DE D. JAVIER MEANA PAIS DE RESPONSABILIDADE

PATRIMONIAL. EXPTE. 1392/243. DESESTIMADA

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 29.01.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Don Javier Meana Pais presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 12 de xaneiro de 2007, no que expón que o día 25 un sinal vertical de tráfico caeu sobre o vehículo da súa propiedade, matrícula 8367-BPY, cando éste estaba estacionado na praza Juan XXIII, provocando danos materiais a dito vehículo.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do do servizo da Policía Local, de data 25.3.2006 , no que os axentes actuantes manfiestan que persoados no lugar dos feitos, don Jose Luis Rodríguez de las Heras Ramos, condutor do vehículo sinistrado, relátalles o accidente que sufrira; igualmente comprobán o sinal caído sobre o vehículo e os danos ocasionados, indicando que estaba estacionado nun lugar prohibido.*
- Informe do Párque móbil de 9.4.2007, segundo o que os prezos contidos no orzamento de Autocdnro Vigo, S.L. que presenta o reclamante, por un importe de 283,69 euros, IVE engadido, son correctos.*
- Informe do Servizo de mobilidade e seguridade de data 18.4.2007 no que remiten ó parte de servizo da policía local.*
- Evacuáase trámite de audiencia ó reclamante en data 27.6.2007, mediante a publicación por edictos, unha vez que non foi posíbel a notificación na dirección sinalada ó efecto, non realizándose ningunha alegación pola súa parte.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- No expediente consta acreditada a existencia dun dano, avaliado economicamente, aínda que non consta o gasto efectivamente realizado polo reclamante, polo que cómpre analizar, de conformidade co que dispón o artigo 139 da Lei 30/1992, así como o artigo 2 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial, a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento dun servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a que a Administración lle indemnice.

De conformidade coa doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo a consideración de feitos que poidan determinar a ruptura do nexo de causalidade tense que reservar para aqueles que comporten forza maior, ós que se ten que engadir a intencionalidade ou a gravísima negligencia da vítima na produción do dano, sempre que estas circunstancias fosen determinantes da existencia do dano producido e a consiguiente obriga xurídica de soportalo.

Terceiro.-A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

E así, tanto no parte de servizo da Policía local como no informe do Servizo de mobilidade e seguridade por referencia ó anterior, consta calaramente que o vehículo se atopaba estacionado nun lugar no que estaba prohibido o estacionamento.

O artigo 38.4 do Real Decreto legislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de vehículos a motor e Seguridade vial, establece que o rexime de parada e estacionamento en vías urbanas regúlase pola Ordenanza municipal correspondente. A Ordenanza xeral de circulación do termo municipal de Vigo nos seus artigos 13 e seguintes prohiben totalmente a parada e o estacionamento nas curvas, nunha proximidade de 5 metros, nos cruces ou interseccións, nos rebaixes das beirarrúas para facilitar o paso das persoas e en zonas sinalizadas con franxas no pavimento, tanto se a ocupación é total ou parcial. Consonante co anterior, apreciada a grave negligencia da solicitante ó estacionar o seu vehículo, xa que o fixo nun lugar no que estaba prohibido, circunstancia que rompe co nexo causal preciso procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade patrimonial, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público..

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Don Javier Meana Pais por danos no seu vehículo o día 25 de marzo de 2006 na praza Juan XXIII, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento dun servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(158).- RECLAMACIÓN DE D^a. JOSEFINA JANEIRO RODRÍGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1247/243. DESESTIMADA

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 23.01.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Josefina Janeiro Rodríguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 5.10.2006, no que expón que o día 14.9.2006 mentres camiñaba pola praza da Independencia, á altura do núm. 3 da rúa Regueiro, tivo unha caída por mor dunhos lastros que se atopaban levantados, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data m16.10.2006 que di que os defectos son visibéis a 5 m.*
- *Ditame solicitado para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello.*
- *Práctica de proba testifical, con data 29.11.2006, ás testemuñas propostas pola reclamante.*

- Evacúase trámite de audiencia á reclamante con data 29.3.2007, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliabel economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando réune o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliabel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

1. *O día 14.9.2006 a reclamante caeu na rúa Regueiro de Vigo, recibindo asistencia médica no Servizo de urxencias do Sergas de diversas lesións, que o dítame médico valora en 264,00 euros ó considerar suficientes 10 días para a súa curación, sen restarlle secuelas.*
2. *No lugar onde a reclamante manifesta que ocorreu o accidente, de conformidade co informe solicitado ó efecto ó servizo de Vías e Obras do Concello, así como fotografías que hai no expediente, os defectos da beirarrúa, que ocupaban 2 m cuadrados son visíbeis a 5 metros, e polo tanto evitábeis gardando a dilixencia debida. E así ambas testemuñas aportadas pola reclamante na proba practicada ó efecto din*

que eran perfectamenynte visíbeis, indicando unha delas un posíbel despidi como motivo da caída.

3. *Na caída resulta acreditado que a reclamante rompeu un pantalón, tanto pola proba testemuñal como por canto o presentou nas dependenzas do Concello, pero non así que romperá completamente as gafas de xeito que precisara cristales e montura.*

De todo o anterior os defectos da beirarrúa son visíbeis e patentes a unha longa distancia, e na reclamante non consta ningún defecto físico que lle impedise a súa percepción, polo que de conformidade coa doutrina mencionada do Consello consultivo de Galicia, así como Tribunal Supremo, a súa petición de indemnización ten que ser desestimada, ó residenciar a causa do accidente nun depide o calquera outra circunstancia similar.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Josefina Janeiro Rodríguez por unha caída ocorrida o día 14.9.2006 na rúa Regueiro de Vigo, por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(159).- RECLAMACIÓN DE D^a MARÍA DEL CARMEN MUÑOZ SANROMÁN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.1037/243 RESPONSABILIDADE UTE-AQUALIA FCCSA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 29.01.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Maria del Carmen Muñoz Sanromán presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 24 de abril de 2006, no que expón que o día 15 de maio de 2005, sufriu unha caída na esquina da rúa Manuel de Castro coa rúa Florida nun tramo arranzado non moito tempo antes polo rexistro de augas ou sumidoiro e quedou en mal estado, producíndose a consecuencia delo danos de carácter físico e outros que reclama.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 12.5.2006 indicando que no lugar que se indica Aqualia realizou obras nun rexistro da súa titularidade, estando na actualidade o lugar en perfecto estado, así como informe de data 14.11.2007 que se ratifica no anterior indicando que no lugar interviño Aqualia, acometida de edificio e que as baldosas soltas que produciron o accidente peteñecían á reposición efectuada por eles.*
- *Informe da Policía Local do Concello de Vigo, de data 29.5.2006, no que manifestan non teren constanza dos feitos denunciados.*
- *Practicouse proba testemuñal o 27.7.2006 á testemuña proposta pola reclamante.*
- *Evacúase trámite de audiencia á U.T.E Aqualia-FCC en datas 14.9.2006 e 21.11.2008, que formula alegacións en data 17.10.2006 e 18.12.2007 respectivamente.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en datas 2.10.2006, e 3.1.2007, facendo ésta alegacións o 6.11.2006.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Terceiro.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial).

Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992 mesma, limitáronse a recoller o relato dos feitos da reclamante).

Tense polo tanto que acreditar un dano avaliabel economicamente, efectivo e individualizado. E así a reclamante solicita unha indemnización de 6.000 euros polos danos físicos, morais e psicolóxicos que lle produxo a caída, así como por canto di tivo que pechar o seu negocio a súa consecuencia.

O artigo 200 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, obriga aos Concellos mediante a correspondente ordenanza a inspección periódica das edificacións para determinar o seu estado de conservación.

O Concello de Vigo en Pleno na súa sesión ordinaria do 1 de abril de 2005, acordou aprobar definitivamente a ordenanza municipal reguladora da inspección técnica de edificacións (expte. 936/400). O texto definitivo foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 16 de maio de 2005.

Na disposición adicional terceira ten o seguinte contido: "(...) O Concello de Vigo poderá establecer, de acordo coas súas dispoñibilidades orzamentarias, un réxime de subvencións do que poderán beneficiarse os propietarios que acrediten fidedignamente a carencia de recursos económicos suficientes para sufragar o custo da inspección técnica da edificación regulada nesta Ordenanza (...)".

Tras a posta en funcionamento do servizo da inspección técnica da edificación, se están a detectar que diversos propietarios coa obriga de presentar a correspondente acta da inspección técnica da edificacións teñen dificultades económicas para asumir os gastos derivados dos honorarios dos técnicos. Así mesmo o Consello da Xerencia municipal de urbanismo na sesión de 8 de xuño de 2006, acordou o desenvolvemento da disposición adicional terceira da ordenanza municipal.

BASE 1ª.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.- **OBXECTO E FINALIDADE.**- As presentes bases teñen por obxecto a regulamentación das condicións básicas polas que se vai regular a axuda municipal aos propietarios que teñan que realizar a inspección técnica da súa edificación e demostren a carencia de recursos económicos para afrontar os gastos derivados da elaboración do informe, que é esixible conforme á ordenanza da inspección técnica da edificación aprobada polo Pleno do Concello de Vigo o 1 de abril de 2005.

A presente liña de subvención ou axuda terá o importe máximo que o acordo de convocatoria mencione e será imputado aos créditos orzamentarios identificados no mesmo.

2.- **BENEFICIARIOS.**- Só poderán ser beneficiarios desta subvención as persoas físicas que sexan propietarias dun único inmovible de uso principal residencial, que acrediten a súa condición e xustifiquen carecer de recursos económicos suficientes para a asunción do custo derivado da emisión do informe da inspección técnica da edificación. Entenderase que o solicitante carece de recursos cando se dean as seguintes circunstancias:

- **INGRESOS.** A renda ponderada da unidade de convivencia non sexa superior a 1,3 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples -IPREM- (BOE núm. 311, do 29 de decembro de 2006) $6.988,80 \text{ €} \times 1,30 = 9.085,44 \text{ €}$ para o ano 2007, sen incluír pensións de incapacidade ou outras subvencións por invalidez ou minusvalidez.
- **PATRIMONIO:** Non poderá ser titular doutros bens inmobles e o inmovible obxecto da axuda será a súa vivenda habitual.

Non poderán ser beneficiarios desta subvención as persoas xurídicas, comunidades de bens, nin comunidades de propietarios en réxime de propiedade horizontal.

3.- **CONTÍA DAS AXUDAS A OUTORGAR.**- A convocatoria fixará necesariamente a contía máxima destinada ás axudas convocadas e dos créditos orzamentarios aos que se imputan. Non poderán concederse axudas por importe superior á contía máxima fixada na partida destinada a tales efectos.

A subvención consistirá nunha porcentaxe do custo de realización do informe de ITE en función da puntuación obtida polo beneficiario. Aqueles beneficiarios que obteñan ata 7 puntos no baremo establecido na Base terceira desta Ordenanza, obterán unha subvención de ata o 75 por 100 do custo de realización do informe ITE,

cun máximo en todo caso de 225 € no caso de vivendas unifamiliares e de 100 € no caso de vivendas en réxime de propiedade horizontal. No caso de beneficiarios que obteñan máis de 7 puntos no dito baremo, a subvención cubrirá ata o 100 por 100 do custo de realización do informe, cun máximo de 300 € no caso de vivendas unifamiliares e de 150 € no caso de vivendas en réxime de propiedade horizontal (estas cantidades actualizaranse co IPC de cada ano a partir do seguinte á aprobación desta Ordenanza).

No caso de que haxa solicitantes con idéntica puntuación e a contía presupostada non alcance para conceder o importe completo da subvención a cada un deles, procederase ao prorrateo da axuda.

BASE SEGUNDA.- PRAZO, DOCUMENTACIÓN E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS.-

1.- PRAZO E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE AXUDAS. - As solicitudes, achegadas segundo o modelo previsto no anexo I, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou da Xerencia municipal de urbanismo ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común.

O prazo de presentación será de tres meses desde a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e irá acompañada da presente documentación:

1. Fotocopia do documento nacional de identidade (DNI/NIF ou pasaporte) do solicitante e no seu caso, a representación que ostente.
2. Xustificación de ingresos de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos:
 - 2.1. Para traballadores en activo: fotocopia das tres últimas nóminas.
 - 2.2. Para desempregados: fotocopia da tarxeta de demanda de emprego, Certificado do INEM sobre prestacións e vida laboral.
 - 2.3. Para pensionistas: xustificante da pensión/s mensuais (viuedade, orfandade, non contributiva etc...) ou no seu caso, certificado negativo emitido polo Instituto Nacional da Seguridade Social.
 - 2.4. No caso de separación ou divorcio, deberá acompañar convenio regulador así como documento xustificativo das achegas económicas actualizadas, ou no seu defecto, denuncia por incumprimento.

Nos supostos en que exista imposibilidade de documentar determinadas situacións de carencia económica, esta deberá acreditarse mediante declaración xurada dos interesados que só terá validez cando se achegue o certificado de vida laboral.

3. Xustificante de cualificación de discapacidade.
4. Presentar a declaración responsable incluída como anexo II da presente ordenanza, na que necesariamente se manifeste o seguinte:
 - 4.1. Declaración responsable do/a solicitante no que se comunique que se está ao corrente coas súas obrigas tributarias, coa seguridade social e co Concello de Vigo. No caso de que resulte proposto como beneficiario da axuda, deberá acreditar tal circunstancia mediante a presentación de certificación positiva das diferentes Administracións tributarias nos termos previstos no artigo 22.2 do real decreto 887/2006, de 21 de xullo, de subvencións. Naquel caso en que o posible beneficiario non estea obrigado a presentar as declaracións ou documentos esixidos por cada Administración tributaria, o seu cumprimento se acreditará mediante declaración responsable.
 - 4.2. Declaración responsable de encontrarse ao corrente no pago de obrigas por reintegro de subvencións.
 - 4.3. Declaración responsable do cumprimento doutras obrigas establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

4.4. *Declaración expresa de aceptación das actuacións de comprobación que acorde a Comisión de valoración destas axudas segundo modelo que se inclúe como anexo III.*

As declaracións responsables previstas neste apartado poderán ser presentadas no modelo previsto como anexo II ás presentes bases.

5. *Documentación acreditativa da propiedade do inmoble para o caso de que non figure como titular no momento da solicitude.*

1.6 *Factura acreditativa do pagamento do informe da ITE.*

No caso de que o propietario solicite a subvención para o pagamento da parte proporcional que lle corresponde pagar do custo informe de ITE presentado por unha comunidade de propietarios, deberá presentar a factura acreditativa do pago do informe e documento acreditativo do pago da súa parte proporcional.

1.7 *No caso de que se solicite o pagamento anticipado da subvención, presuposto elaborado por un técnico competente sobre o custo de realización do informe da ITE para a súa propiedade.*

No caso de que o propietario solicite o pagamento anticipado da subvención para o pagamento da parte proporcional que lle corresponde pagar do custo do informe de ITE presentado por unha comunidade de propietarios, ademais do presuposto elaborado por un técnico competente sobre o custo do dito informe para a edificación na que é propietario, copia cotexada do título constitutivo da propiedade por pisos ou locais no que conste a cuota de participación que lle corresponde como propietario do seu piso ou local.

2.- *FASE INSTRUCTORA DO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DA AXUDA.- Unha vez recibida a solicitude de axuda, o servizo da inspección técnica da edificación realizará un cotexo da documentación e requirirá a súa subsanación ou mellora da mesma nos termos do artigo 71 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.*

A Xerencia de urbanismo remitirá ao departamento de benestar social as solicitudes recibidas. Acto seguido procederá a recabar a información do padrón e tributaria para a súa posterior baremación. Para todo elo, deberá achegarse debidamente asinado a autorización contida no anexo III.

Unha vez baremado o departamento de benestar social remitirá as solicitudes por orde de puntuación de maior a menor.

Evacuado o anterior, constituirase unha comisión de avaliación na que formarán parte técnicos do departamento de benestar social, da oficina da inspección técnica da edificación e o propio Xerente municipal urbanismo.

A comisión de valoración tomará coñecemento da baremación das solicitudes emitida polo departamento de benestar social e formulará proposta de resolución motivada dos solicitantes aos que se propón a concesión da axuda.

No caso que o departamento de benestar social ou a propia comisión de valoración aprecie a necesidade de subsanar, mellorar ou aclarar certas cuestións referentes á documentación presentada, deberase requirir aos solicitantes para que no prazo de dez días conforme ao número 1 do artigo 71 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen alterar substancialmente os termos da súa solicitude, subsanen as faltas ou se acheguen os documentos preceptivos esixidos por esta Ordenanza, co apercibimento de terlles por desistidos da súa petición e arquivo do expediente sen máis trámite, en caso de incumprimento.

3.- *RESOLUCIÓN DOS EXPEDIENTES.- O acordo de estimación, desestimación ou imposibilidade material sobrevida do outorgamento da axuda será resolto pola Xunta de Goberno Local ou órgano en quen delegue, previo informe de fiscalización e toma de coñecemento polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, no*

prazo de quince días desde a data de elevación da proposta de resolución.

Dado o carácter estimado da contía prevista para o réxime de axudas que se regula, a concesión das subvencións queda expresamente condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución da concesión.

No suposto de que o crédito orzamentario aprobado fora superior, o órgano competente poderá decidir a súa aplicación ou non á convocatoria, previa tramitación do correspondente expediente de gasto antes da resolución, sen necesidade de nova convocatoria.

Desde o remate do prazo de presentación de solicitudes, o prazo máximo de resolución do expediente será de tres meses. Transcorridos os mesmos sen resolución expresa, se entenderá desestimada a solicitude.

BASE TERCEIRA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DA ITE

O prazo para a presentación do informe de ITE será o establecido con carácter xeral na Ordenanza municipal reguladora da ITE do Concello de Vigo (BOP núm. 93, do 16 de maio de 2005).

Non se estimarán as solicitudes de subvención para a realización de ITES fóra de prazo, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria desta Ordenanza.

BASE CUARTA.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES PRESENTADAS.-

1.- RÉXIME DO PROCEDIMENTO E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES PRESENTADAS.- O procedemento de concesión da axuda se tramitará en réxime de concorrência competitiva, é dicir, os criterios de avaliación tenderán ao análise e comparación das solicitudes presentadas co gallo de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración e adjudicar co límite fixado no punto 3º da base primeira a aqueles solicitantes que obtiveron maior puntuación.

Serán criterios para valorar as solicitudes presentadas os seguintes:

1.1.- TÁBOA DE PUNTUACIÓN POR CRITERIOS SOCIAIS:

- Por cada membro da unidade familiar con discapacidade superior o 33% (1 punto).
- Por cada menor de 16 anos ou maior de 65 anos (1 punto).
- Familia mono parental (1 punto).
- Por cada membro da unidade familiar en situación de desemprego (1 punto).

1.2.- TÁBOA DE PUNTUACIÓN POR INGRESOS:

INGRESOS	PUNTUACIÓN
< 4.000 €	10 puntos
4.001 € A 5.000 €	8 puntos
5.001 € A 6.000 €	6 puntos
6.001 € A 7.000 €	4 puntos
7.001 € A 8.000 €	2 puntos
8.001 € A 8.719,62 €	1 punto

O criterio de avaliación de carácter económico, consistirá en ponderar os ingresos da unidade de convivencia, conforme á seguinte fórmula:

$$IP = IF \times N \times A$$

IP = Ingresos ponderados

IF = Ingresos familiares determinados pola suma de todos os ingresos netos obtidos por todos os membros da

totalidade da unidade de convivencia no momento da solicitude.

N = Coeficiente determinado segundo o número de membros da unidade familiar de acordo coa seguinte táboa:

<i>- familia dun membro:</i>	<i>N = 1</i>
<i>- familia de dous membros:</i>	<i>N = 0,95</i>
<i>- familia de tres membros:</i>	<i>N = 0,90</i>
<i>- familia de catro membros:</i>	<i>N = 0,86</i>
<i>- familia de cinco ou máis membros:</i>	<i>N = 0,83</i>

A = Coeficiente ponderador en función dos membros que achegan os ingresos segundo a seguinte táboa.

<i>- único perceptor:</i>	<i>A = 1</i>
<i>- dous perceptores:</i>	<i>A = 0,95</i>
<i>- tres ou máis perceptores.</i>	<i>A = 0,90</i>

BASE QUINTA.- EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES.-

Dado que as presentes bases regulan as axudas para a realización do correspondente informe ou acta de inspección técnica da edificación por técnico cualificado e, tendo en conta que a axuda abranguerá a totalidade do custo da elaboración da mesma, non procede a compatibilidade con outra axuda de carácter pública por este mesmo concepto.

BASE SEXTA.- PAGAMENTOS ANTICIPADOS

Poderán realizarse pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Neste caso deberán presentar a documentación requirida no punto 1.7 da Base Segunda desta Ordenanza.

En ningún caso poderán realizarse pagamentos anticipados a beneficiarios cando se solicítase a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, se atopen declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme a Lei concursal 22/2003, do 9 de xullo, sen que conclúise o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, fosen declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, se iniciase expediente de quitación e espera ou de suspensión de pagamentos ou se presentase solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, mentres, se é o caso, non fosen rehabilitados.

BASE SÉTIMA: XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A xustificación realizarase mediante a presentación da conta xustificativa no modelo que se inclúe no Anexo IV. O rendemento da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, na que se deben incluír, baixo responsabilidade do declarante, a factura emitida polo técnico que realizou o informe de ITE e, no seu caso, os xustificantes de pagamento da parte proporcional que lle correspondeu ao beneficiario como membro da comunidade de propietarios que presentou o informe de ITE.

A súa presentación realizarase, como máximo, no prazo de tres meses desde a finalización do prazo para a presentación da ITE.

No caso de que non se realizase o pagamento anticipado, o pagamento da subvención realizarase logo de xustificación, polo beneficiario, da presentación do informe de ITE.

A falta de presentación da conta xustificativa constitúe causa de reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

BASE OITAVA.- PUBLICIDADE.-

1.-PUBLICIDADE DAS BASES.- As presentes bases, xunto cos seus anexos, serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Diario Oficial de Galicia. Así mesmo as bases serán publicadas na páxina web do Concello www.vigo.org, no apartado referente á Inspección técnica da edificación da Xerencia de urbanismo.

As presentes Bases comunicaranse ao Rexistro de Subvencións creado ao abeiro dos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006.

2.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA DA SUBVENCIÓN.- A convocatoria será publicada no Boletín oficial da provincia e no diario de maior difusión da provincia.

3.- PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.- Dos acordos de concesión da axuda aos beneficiarios, darase publicidade no taboleiro de anuncios da Xerencia municipal de urbanismo nos termos do artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro e no artigo 30 do real decreto 887/2006, de 21 de xullo e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Tamén serán publicadas na páxina web do Concello www.vigo.org, no apartado referente á Inspección técnica da edificación da Xerencia de urbanismo.

Así mesmo darase a comunicación de información prevista nos artigos 35 e seguintes do real decreto 887/2006, de 21 de xullo, á intervención municipal.

Ademais, consonte o establecido no art. 16.3 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, facilitaráselle á consellaría competente en materia de economía e facenda información sobre as subvencións xestionadas en execución desta Ordenanza.

BASE NOVENA.- REVOGACIÓN, RENUNCIA, REINTEGRO E RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1.- REVOGACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA.- Serán causas de revogación da axuda concedida o incumprimento por parte do beneficiario da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, así como á obtención concorrente doutras axudas incompatibles.

2.- RENUNCIA DA AXUDA CONCEDIDA.- O beneficiario poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación.

A renuncia soamente poderá admitirse no prazo de quince días que contará desde a notificación definitiva do outorgamento da axuda, no caso contrario procederá a anulación por incumprimento, coa conseguinte esixencia das responsabilidades que dela se deriven.

3.- REINTEGRO DA AXUDA OU SUBVENCIÓN.- Tanto as causas coma o procedemento de reintegro, infraccións e sancións rexeranse pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e disposicións de desenvolvemento, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e supletoriamente polas disposicións xerais sobre procedemento administrativos contidas no Título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

BASE DÉCIMA.- NORMATIVA SUPLETORIA.

No non previsto nas bases desta convocatoria estarase ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de

subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, de subvencións, e as propias bases de execución dos presupostos, e restante normativa aplicable.

BASE DÉCIMOPRIMEIRA.- DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Excepcionalmente as solicitudes de subvención que se refiran a informes de ITE presentados en tempo e forma nos anos 2006 e 2007 tramitaranse consonte o disposto nesta Ordenanza, coa particularidade de que o prazo de presentación da conta xustificativa descrita na Base Sétima será de tres meses dende a entrada en vigor desta Ordenanza.

BASE DÉCIMOSEGUNDA. DISPOSICIÓN FINAL.

Estas bases entrarán en vigor o día seguinte da publicación do acordo de aprobación e do texto das bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra ou no Diario Oficial de Galicia.

As solicitudes serán presentadas a partir da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. O anuncio de convocatoria será tamén publicado no diario de maior difusión da provincia.

A Xerencia municipal de urbanismo quedará exenta de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

ANEXO I

SOLICITUDE

AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DO INFORME DE INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓNS:

Don/Dona _____ maior de idade,
Con DNI/NIF núm. _____, con domicilio en _____ Rúa _____ núm. ____
_____ Código postal _____ Actúa en calidade de: Propietario En representación de ____
_____ con domicilio en _____ Rúa _____ núm. ____
_____ Código postal _____

EXPÓN

Que é propietario/a do inmovible, sito en Vigo, rúa _____ núm. ____
_____, Parroquia _____ Referencia catastral: _____

- Que dito inmovible, segundo o seu ano de construción deberá pasar en período voluntario, a inspección técnica á que ven obrigada a tenor do establecido na Ordenanza municipal reguladora da Inspección Técnica de Edificacóns (ITE), aprobada definitivamente por acordo plenario do Excmo. Concello de Vigo na sesión celebrada o 1 de abril de 2005.
- Que a sinalada normativa municipal prevé, na súa disposición adicional terceira, a concesión de subvencións, aos propietarios que acrediten fidedignamente a carencia de recursos suficientes para realizar a ITE.
- Que considero que reúno os requisitos esixidos nas Bases polas que se regula o outorgamento de axudas aos propietarios que carezan de recursos suficientes para realizar el informe da ITE, aprobada por acordo plenario de data _____, que acredito coa correspondente documentación, que figura ao dorso e que adxunto a este escrito.

SOLICITA

Lle sexa concedida a subvención establecida para o suposto entre o que me considero incluído.

Vigo, ... dede 200

Sinatura do solicitante

Sr. Xerente municipal de urbanismo do Concello de Vigo

DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACHEGARSE Á PRESENTE SOLICITUDE

AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DO INFORME DE INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓNS:

1. *Fotocopia do documento nacional de identidade (DNI/NIF ou pasaporte) do solicitante e no seu caso, a representación que ostente.*
2. *Xustificación de ingresos de todos os membros da unidade de convivencia:*
 - *Para traballadores en activo: fotocopia das tres últimas nóminas*
 - *Para desempregados: fotocopia da tarxeta de demanda de emprego, Certificado do INEM sobre prestacións e vida laboral.*
 - *Para pensionistas: xustificante da pensión/s mensuais (viudedade, orfandade, non contributiva etc...) ou no seu caso, certificado negativo emitido polo Instituto Nacional da Seguridad Social.*
 - *No caso de separación ou divorcio deberá acompañar convenio regulador así como documento xustificativo das achegas económicas actualizadas, ou no seu defecto, denuncia por incumprimento.*
3. *Xustificante de cualificación de discapacidade.*
4. *Declaracións responsables do/a solicitante no que se comunique que se está ao corrente coas súas obrigas tributarias, coa seguridade social e co Excmo. Concello de Vigo; de encontrarse ao corrente no pago de obrigas por reintegro de subvencións e doutras obrigas establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro (anexo II).*
5. *Declaración expresa de aceptación das actuacións de comprobación que acorde a Comisión de valoración destas axudas e de todos os demais membros maiores de idade ademais do solicitante (anexo III).*
6. *Factura acreditativa do pagamento do informe da ITE.*

No caso de que o propietario solicite a subvención para o pagamento da parte proporcional que lle corresponde pagar do custo informe de ITE presentado por unha comunidade de propietarios, deberá presentar a factura acreditativa do pago do informe e documento acreditativo do pago da súa parte proporcional.
7. *No caso de que se solicite o pagamento anticipado da subvención, presuposto elaborado por un técnico competente sobre o custo de realización do informe da ITE para a súa propiedade.*

No caso de que o propietario solicite o pagamento anticipado da subvención para o pagamento da parte proporcional que lle corresponde pagar do custo informe de ITE presentado por unha comunidade de propietarios, ademais do presuposto elaborado por un técnico competente sobre o custo do informe de ITE para a edificación no que é propietario, copia cotexada do título constitutivo da propiedade por pisos ou locais no que conste a cuota de participación que lle corresponde como propietario do seu piso ou local.

ANEXO II

DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO NA PROHIBICIÓN PARA OBTENIR A CONDICIÓNS DE BENEFICIARIO/A DE AXUDAS.

Don/Dona _____ DNI núm _____, solicitante da subvención para realizar o informe da Inspección Técnica de Edificacións, _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a previstas no art. 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, segundo o estipulado nas bases da convocatoria para o ano 2006 da Ordenanza específica pola que se regula o outorgamento de axudas aos propietarios que carezan de recursos suficientes para realizar el informe da Inspección Técnica de Edificacións.
- De estar ao corrente coas súas obrigas tributarias, coa seguridade social e co Excmo. Concello de Vigo. No caso que resulte proposto como beneficiario da axuda, me comprometo a presentar certificación positiva das diferentes Administracións tributarias nos termos previstos no artigo 22.2 do real decreto 887/2006, de 21 de xullo, de subvencións.
- De estar ao corrente no pago de obrigas por reintegro de subvencións.
- De aceptar as actuacións de comprobación que acorde a Comisión de valoración.

Vigo, de _____ de 20 _____.

Sinatura do solicitante

Asdo:

ANEXO III

CUBRIR E ASINAR SÓ NO CASO DE QUE DESEXE QUE OS SEUS DATOS FISCAIS SEXAN REQUIRIDOS DIRECTAMENTE POLA ADMINISTRACIÓN

Que as persoas abaixo asinantes, autorizan ao Departamento de Benestar Social a solicitar da Xunta de Galicia e da Axencia Estatal da Administración Tributaria as acreditacións requiridas nas bases reguladoras da subvención solicitada e prevista nas Bases polas que se regula o outorgamento de axudas aos propietarios que carezan de recursos suficientes para realizar el informe da Inspección Técnica de Edificacións (ITE), aprobadas por acordo plenario de data _____.

A presente autorización outórgase exclusivamente para os efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención ou axuda mencionada anteriormente e en aplicación do artigo 95.1k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo da autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA.PP. para o desenvolvemento das súas funcións.

A.- DATOS DO SOLICITANTE DA AXUDA DETALLADA QUE OUTORGA A AUTORIZACIÓN

NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

B.- DATOS DOUTROS MEMBROS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA.

PARENTESCO SOLICITANTE	CO	NOME E APELIDOS	DNI/NIF	SINATURA

Vigo, de de 20

Sinatura do solicitante

Asdo:

ANEXO IV

CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN

Don/Dona _____ maior de idade,

Con DNI/NIF núm. _____ con domicilio en _____, Rúa _____

_____ núm. _____ Código postal _____, parroquia _____ Actúa en calidade de:

Propietario/ En representación de _____ con domicilio en

na Rúa _____ núm. _____, Código postal _____,

DECLARO

Que como propietario procedín ao pagamento do informe de ITE da edificación sita en Vigo, Rúa _____

_____ núm. _____, Código postal _____,

Referencia catastral: _____.

Que presenteí o dito informe no Rexistro da Xerencia de Urbanismo o pasado ____ de de _____ de

.

Que aporfo copia cotexada da factura que acredita o pagamento do custo de realización do informe de ITE e, no seu caso, do pagamento da parte proporcional que me corresponde pagar como membro da comunidade de propietarios da dita edificación.

Vigo, ... dede 200...

Sinatura do solicitante

Asdo:

26(167).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE SERVIZOS XERAIS E VÍAS E OBRAS DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE ASEGURAMENTO DO MURO DE CONTENCIÓN DA RÚA CANTEIROS-MATAMÁ. EXPTE. 12381/444.

Dáse conta da resolución da concelleira delegada da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, do 12.01.08, que di o seguinte:

A vista do informe do xefe da Área de Servizos Xerais o respecto do derrumbe do muro de contención da rúa Canteiros e do perigo que supón para o tráfico rodado, así como do Decreto da Alcaldía de data 11 de xaneiro de 2008 que dí: “ Contratar polo procedemento de emerxencia o expediente para as obras de seguridade, e aseguramento do muro de contención da Rúa Canteiros ” .

Asimesmo, a vista do informe do enxeñeiro técnico da Oficina de supervisión de proxectos D. Jorge Muñoz no que se indica a necesaria urxencia de escomenzar cos traballos de reconstrucción de dito muro para evitar que siga derrumbándose e poder abrir á circulación a rúa con seguridade, e no que se indica tamén a imposibilidade de cuantificar o custe definitivo de dita reconstrucción, dado que se necesita realizar o desescombros total para poder coñecer o alcance dos servizos afectados e das obras a executar

RESOLVO :

En virtude das competencias que me atribúe a vixente lexislación de réxime local (art. 127 da lei 7/85 e Decreto de Delegación de Alcaldía de 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xullo de 2007). Decídese, de acordo cos procedementos regulados no artigo 72 da Lei de Contratación das Administracións Públicas, ” tramitación de emerxencia ” adxudicar a HIDROESTRUCTURAS. S.L. a contratación das obras de seguridade e aseguramento do muro de contención da Rúa Canteiros en Matamá .

Desta Resolución deberase dar conta á Intervención Municipal e á Xunta de Goberno Local.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

27(168).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á VICEPRESIDENCIA DE IGUALDADE E DO BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA PARA O FOMENTO E A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO. EXPTE. 191/322.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Oficina Municipal de Voluntariado, do 4.02.08, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

A Oficina Municipal de Voluntariado ven contando con financiación da Xunta de Galicia para o desenvolvemento de accións neste ámbito. No ano 2007 a OMV recibiu financiación por importe de 6.150,52 €. vía subvención a través da Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia.

En data 16 de xaneiro do presente ano publícase no DOG a Orde do 28 de decembro de 2007 pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a concellos e mancomunidades de municipios para o fomento e a realización de actividades de voluntariado. (Achegase convocatoria ao presente expediente).

O Concello de Vigo a través da OMV opta a devandita subvención para posibilitar a posta en marcha,

execución ou potenciación dunha serie de accións orientadas para o fomento do voluntariado no municipio para tendo como prazo límite, segundo as bases establecidas, 30 días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria no referenciado DOG.

Xunto ao presente informe achégase o proxecto Fomento do Voluntariado no Municipio de Vigo, coas accións que o integran:

- *Formativas*
- *Voluntariado Medioambiental*
- *Actividades de Sensibilización: Campaña de Sensibilización e Mostra de Voluntariado.*
- *Campaña “Axuda a Vivir : Doa Sangue e Pranta unha Árbore”*
- *Xestión de Recursos Humanos en beneficio do Voluntariado.*

Atendendo ao exposto, propónse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

“Aprobar a presentación do proxecto Fomento do Voluntariado no Municipio de Vigo co fin de optar á subvención segundo a convocatoria, realizada pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, publicada no DOG de data 16 de xaneiro de 2008, dirixidas ós Concellos e ás mancomunidades de municipios para o fomento e realización de actividades de voluntariado”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

28(169).- SOLICITUDE DA FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES PARA DISCAPACITADOS INTELLECTUAIS DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR O CAMPEONATO GALEGO DE CAMPO A TRAVÉ 2008. EXPTE. 7642/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 30.01.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Federación Galega de Deportes para Discapacitados Intelectuais, a organizar o vindeiro mércores 13 de febreiro de 2008, o Campeonato Galego de Campo a través 2008, no Parque de Castrelos, entre as 9.30 horas e as 14.00 horas.

29(170).- RECLAMACIÓN DE D^a. LEONOR BASTOS GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADA PARCIALMENTE. EXPTE. 1445/243.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 8.02.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

Antecedentes:

Dona Leonor Bastos Fernández presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 13 de febreiro de 2007, no que expón que o día 18 de xaneiro de 2007, camiñando pola rúa Doctor Carracido á altura do seu núm 1 tivo unha caída por mor dunha lousa levantada na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do Servizo da Policía Local de Vigo, de data 18.1.2007.*
- *Informe do Servizo de Vías e Obras, de data 7.3.2007 sobre o o lugar do accidente.*
- *Ditame para valoración de danos corporais da Asesoría médica do Concello, que os cuantifica os mesmos en 1.045,90 euros.*
- *Práctica de proba testemuñal con data 27.5.2007 , á testemuña proposta pola reclamante.*
- *Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia –FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas do Concello, que fai alegacións o 4.12.2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que fai alegacións o 5.9.2007.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o que os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. Así, a consecuencia da caída a reclamante sufriu lesións que o ditame médico solicitado ó efecto, e que consonte co

disposto no art. 89.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, serve de motivación a esta resolución, indica que polas lesións que presenta, traumatismo facial e costal, considera 30 días de curación delas, dos que 10 serían de incapacidade total e o resto parcial sen que lle resten secuelas funcionais. Respecto á aplicación do factor de corrección do 10% dicir que éste se establece segundo a idade laboral do reclamante, e dada a idade de ésta, 83 anos, resulta claro que non procede. Tampouco procede a aplicación de intereses de demora por canto o expediente se resolve dentro do prazo dun ano que lle foi comunicado por oficio de 2.3.2007.

Terceiro.-No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulacón, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974).

De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectividade dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Carto.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan os seguintes feitos:

- O día 18 de xaneiro dona Leonor Bastos caeu á altura do núm. 1 da rúa Doctor Carracido, por causa de defectos na beirarrúa sufrindo lesións consistentes en traumatismo facial e costal das que recibiu asistencia médica no Servizo de urxencias do Hospital do Meixoeiro. No lugar onde ocorreu o accidente, de conformidade co informe solicitado ó efecto ó servizo de Vías e Obras do Concello, así como fotografías que hai no expediente, a baldosa causante del nun dos seus laterais atópase uns 3 ou 4 mm máis alta que a seguinte, o que é difícil de advertir visualmente se non se fixa a tat ención no punto concreto.*
- De conformidade coa proba testemuñal practicada a reclamante caeu nun lugar onde faltaban losetas da beirarrúa, e no lugar vira caer a máis persoas.*
- Según informa o Servizo de vías e obras do Concello, no lugar os defectos pódense ver a 3 m de distancia, e se visualiza nas fotografías que achega que o treito de beirarrúa é estreito,*
- A reclamante ten 83 anos de idade.*

De todo o anterior, resula acreditado que o accidente ocorreu ó tropezar a reclamante nos defectos da beirarrúa que eran visibeisa distanza. Non obstante hai varias circunstancias que deben de terse en consideración, e que son: a idade da reclamante que supón unha maior dificultade na propia deambulación, así como que o treito onde tivo lugar a caída era estreito e non resultaba fácil evitar os defectos que nel había, resultando ademáis que nese lugar xa se tiñan caído outras persoas segundo a testemuña, polo que resulta procedente estimar a solicitude.

Quinto.- Consonte co anterior, procede estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, aínda que non o factor de corrección de ingresos por idade laboral nin os intereses de demora que se reclaman por dictarse a resolución en prazo, por resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Estimar en parte a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dona Leonor Bastos González por unha caída ocorrida o día 18 de xaneiro de 2007 na rúa Doctor Carracido de Vigo, por resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento dun servizo público municipal , e indemnizala na contía de 1.045,90 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(171).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás doce horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.

